



Igrexa de Sto. Tomé de Piñeiro



Muíños do río Loira



O percorrido é de **6,5 Km.**, partindo do **lavadoiro do río Lameira** pasando preto do **poboado castrexo de Subidá**, para continuar ata o cumio do monte e rematar na **igreja de Santo Tomé de Piñeiro**.

Esta ruta alterna tramos de estrada con camiños naturais. Desviándonos do itinerario poderemos ver a **Igrexa de Santa María do Campo e os muíños do río Loira** (zona de gran beleza).

A **dificultade** da ruta é **media-baixa**, aínda que con pendente pronunciada ata chegar o cumio. Está claramente sinalizada con paneis indicadores e marcas de cor azul-branca (pintadas en pedras, muros e no chan).


O **percorrido** é de carácter **lineal**, polo que haberá que ter en conta a viaxe de volta.

Este traxecto pódese transitar en calquera estación do ano.

cota máxima 265 m. / cota mínima 30 m.



descarga os puntos GPX e toda a información do roteiro en [www.concellodeamarin.es](http://www.concellodeamarin.es)

Igrexa de Sta. M<sup>ª</sup> do Campo





A ruta iniciase ao pé do lavadoiro do Souto e do río Lameira. Ao pouco atopamos un dos puntos máis interesantes da ruta: **o castro de "A Subidá"**. Trátase dunha antiga aldea fortificada de época castrexa (idade do Ferro, xenericamente entre os séculos IX a.C. e I-II d.C.), situada no típico emprazamento elevado de carácter defensivo e dominio visual do territorio.

A pesares de non ter sido obxecto dunha investigación arqueolóxica continuada, a súa topografía e algunhas estruturas á vista dánnos pistas sobre o que se agocha baixo terra. Así, se distinguen en altura cando menos dous recintos, que estarían rodeados de murallas, e son visibles varios dos característicos muros de vivendas de planta circular e aparello de cachotería.

O ruta segue ascendendo ata o coto de Penizas, despois descenderemos para visitar a **Igrexa de Santa María do Campo**. É esta unha construción de finais do s. XII e principios do s. XIII, de estilo románico algo serodio. Desta época conserva no interior un arco triunfal, rudo, estreito e apuntado, a través do que se accede ao presbiterio rectangular. Nunha segunda fase de construción, s. XVI, realízase a nave de estilo barroco. Posúe unhas magníficas pinturas murais (góticas). Pertenceu á Encomenda de San Xoán.

Para acadar o punto final da ruta, a **Igrexa de Santo Tomé de Piñeiro**, teremos que atravesar o río Loira. A igrexa construída sobre os alicerces dun antigo templo sede de mosteiro, posúe unha soa nave e ábsida poligonal pertencente ao s. XII, totalmente refeita. No interior, a capela maior románica consérvase ben, acolle un retablo barroco de influencia portuguesa. Cuberta con bóveda de medio canón apuntada. Destaca á súa vez a ornamentación dos capiteis pertencentes ás columnas que sustentan os arcos faixóns.

Marín en ruta



# ruta do monte penizas ruta do monte penizas

100% reciclado. Libre de cloro.



Marín en ruta



EMAS  
CONCELLO DE MARÍN  
CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE



Concello de Marín  
Concellaría de Medio Ambiente



EMAS  
CONCELLO DE MARÍN  
CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE



Concello de Marín  
Concellaría de Medio Ambiente